



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

### ACTA Nº 7/2024 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, 24 DE AGOSTO DE 2024 -

No día de hoxe, ás 21:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:** ALFREDO DOVALE PEDREIRA  
**ASISTEN:** PP  
FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA  
JOSÉ MANUEL SANTEIRO FERNÁNDEZ  
MIGUEL FREIRE GÓMEZ  
AZUCENA CAO SIERRA  
ENRIQUE OTERO REY  
PSOE  
ALFREDO GONZÁLEZ TRASANCOS  
MARTÍN REGO BAAMONDE  
**AUSENCIAS:** PP  
ALBA MARÍA MARTÍNEZ LÓPEZ  
**SECRETARIA-INTERVENTORA:** MARÍA VALIÑA GARRIDO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

#### ORDE DO DÍA

##### 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Sometidas a votación a aprobación da acta da sesión anterior, o Sr. Rego Baamonde manifesta “*Non a aprobamos, pola razón continúa de sempre, estamos en contra de que non se acate un decreto.*”

O Pleno, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular asistentes á sesión e o voto en contra dos Concelleiros do PS de G-PSOE, acorda aprobar a actas das sesión celebrada o día 23 de xullo de 2024.

##### 2.- APROBACIÓN SOLICITUDE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) – POS+ ADICIONAL 2/2024, 2ª FASE.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

O Sr. Alcalde dá conta do Plan Provincial de Obras e Servizos, do proxecto que se inclúe e do importe dos gastos correntes que se solicitan.

O Sr. Rego Baamonde pregunta a canto sae o metro lineal da obra que se solicita e manifesta: “Para gasto corrente sempre hai algo máis que para obras.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno por unanimidade adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Participar na **segunda fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2024**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

### A ) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	120.744,03 €

### B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Achega municipal	Concello IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
MELLORA DAS MARXES NO CAMIÑO DA BARCA - MOGOR	56.006,13 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	56.006,13 €
<b>TOTAL</b>	<b>56.006,13 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>56.006,13 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

### C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello		Orzamento Total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible)	
			Total Concello	



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

			nos abastecem. de auga potable )		
<b>Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)</b>	120.744,03 €				120.744,03 €
<b>Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)</b>					
<b>Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)</b>	56.006,13 €	0,00 €	0,00€	0,00 €	56.006,13 €
<b>TOTAL</b>	176.750,16 €	0,00 €	0,00€	0,00 €	176.750,16 €

SEGUNDO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

TERCEIRO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

CUARTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

QUINTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SEXTO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Ás 22:07 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Mañón, coa data da sinatura electrónica.

A secretaria, Dna. María Valiña Garrido

O alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira